



O A L C A L D E

**D. Alberto Núñez Feijóo**

Presidente  
Xunta de Galicia

Querido Presidente,

Estamos a piques de comezar un curso político de especial importancia, polo que unha vez máis cumpriría que nos reunísemos para repasar a axenda que ocupa conxuntamente ás dúas administracións.

A maiores de temas que están dando os seus froitos, como o edificio xudicial, a restauración da antiga sede autonómica en Benito Corbal ou a reforma da estación de autobuses, é preciso dedicar algún tempo a estudar o avance de asuntos como a ampliación do Hospital Montecelo e as súas importantes derivadas; a conexión cun novo vial das estradas de Santiago e Vilagarcía (a chamada "Variante de Alba"), ademáis doutros como o plan de compostaxe que estamos impulsando ou a recuperación da unidade informativa da radio e a televisión públicas na capital da provincia.

Por suposto, estas referencias son só a título indicativo, xa que coma sempre estamos abertos a tratar calquera tema que resulte do teu interese e redunde na mellora da calidade de vida de veciñas e veciños.

Agardo que nos próximos días podamos fixar unha data para esta xuntanza.

Coma sempre, recibe un afectuoso saúdo!

Pontevedra, 31 de agosto de 2018

O Alcalde,



**Miguel Anxo Fernández Lores**